

 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	<b>2011</b>	<b>PE403A 2010/26-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE CORCUBIÓN	
<b>Plan explotación</b>	MOLUSCOS BIVALVOS E GASTERÓPODOS	
<b>Réxime</b>	LIBRE MARISQUEO	
<b>Modalidade</b>	A PÉ	

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>Ruditapes decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>Venerupis pullastra</i> ), ameixa xaponesa ( <i>Ruditapes philippinarum</i> ), berberecho ( <i>Cerastoderma edule</i> ), longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> ), lapa ( <i>Patella spp</i> ) e caramuxo ( <i>Littorina littorea</i> , <i>Monodonta lineata</i> )
<b>Ámbito do plan</b>	Dende punta Arnela ata a desembocadura do río Xallas (Ézaro)
<b>Subzonas de explotación</b>	- Praias de Cee (CM-078), Corcubión (CM-078A) e A Viña (CM-141). - Praias de Estorde (CM-076) e Ézaro (CM-079). - Litoral rochoso entre punta Arnela e Ézaro (CM-044, CM-045, CM-046, CM-047 e CM-048): - subzona 1: de punta Arnela a cabo Cee - subzona 2: de cabo Cee a punta Galera - subzona 3: de punta Galera a peirao de Ézaro

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras a Pé	Embarcacións	Tripulantes
14	-	-
<b>Ampliación do numero de permex</b>		<b>NON</b>
Mariscadoras a Pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación											
<b>Días máximos de extracción</b>	100 para ameixa fina, babosa, xaponesa e berberecho 50 para longueirón 15 para lapa e caramuxo										
<b>Época e zona probable de extracción</b>											
<b>Modalidade:</b> a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setem	outu	novem	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes captura			
<b>Especies</b>	<b>A pé (Mariscadora/día)</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Tripulante/habilitación</b>
Ameixa fina	5 kg	-	-
Ameixa babosa	6 kg	-	-
Berberecho	15 kg	-	-
Ameixa xaponesa	6 kg	-	-
Longueirón	8 kg	-	-
Lapa	15 kg	-	-
Caramuxo	15 kg	-	-

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia

<b>Artes a empregar</b>	Sacho e rastrillo. Extracción manual con sal para os solénidos.
-------------------------	---

<b>Puntos de Control</b>	Zonas de produción: praia de Estorde, praia de Cee e praia e peirao de Corcubión.
<b>Puntos de Venta</b>	Lonxa de Corcubión e calquera outra lonxa da Comunidade Autónoma.

Accións a realizar	Épocas probables											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Praias de Cee e Corcubión												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembras</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Praias de Cee e Corcubión												
<b>Especies:</b> Berberecho, ameixa xaponesa, ameixa babosa e ameixa fina												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Zona da “Viña”												
<b>Especies:</b> Berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Das praias de Cee e Corcubión para as mesas na Zona da “Viña”												
<b>Especies:</b> Ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Bancos de Cee e Corcubión												
<b>Especies:</b> Berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Praias de Cee e Corcubión												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

**Outras consideracións:**

**Zonas de produción:** Non se acepta a inclusión do banco da praia de Brens por estar clasificado como zona C para a produción de moluscos bivalvos, e pola escaseza de recursos marisqueiros que presenta.

Así, o ámbito do plan divídese en zonas de produción atendendo ao recurso a explotar en cada unha:

- Praias de Cee, Corcubión e das Viñas, para a explotación de ameixa e berberecho.
- Praias de Estorde e Ézaro, para a extracción de longueirón.
- Litoral rochoso do ámbito do plan, para a extracción de lapa e caramuxo. Dada a amplitude desta zona, recoméndase para unha mellor xestión, manter a subdivisión desta zona coma no plan en vigor:
  - subzona 1: de punta Arnela a cabo Cee
  - subzona 2: de cabo Cee a punta Galera
  - subzona 3: de punta Galera a peirao de Ézaro



As praias de Cee e Corcubión están incluídas no GAL 07/04, clasificado como zona C para a produción de moluscos bivalvos na Orde do 19 de xullo de 2010 pola que se modifica a Orde de 8 de setembro de 2006, pola que se decláran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

A praia da Viña atópase en zona de clase B, polo que é utilizada para realizar sementeiras ou estabular en mesas semente de ameixa das outras dúas zonas, e as praias de Estorde e Ézaro atópanse en zona de clase A.

**Xestión da explotación:** Os días de extracción de ameixa e berberecho non poderán ser coincidentes cos de extracción de longueirón.

**Cotas máximas de captura:** Acéptase a proposta deste plan de incremento das cotas máxima de captura por demanda de conserveiras co fin de axustar a extracción á demanda. Este incremento irá acompañado da correspondente redución dos días máximos de extracción a fin de manter o mesmo esforzo sobre os recursos. A petición de modificación deberá facerse constar na solicitude de apertura mensual co obxecto de que se dite a resolución correspondente.

**Artes:** A gancha a pé non é unha arte autorizada para o marisqueo a pé segundo o Decreto 424/1993, polo que o seu uso requirirá da aprobación dun plan experimental.

**Puntos de control:** Establécense puntos de control nas zonas de produción nas que se traballe, nos que se rexistra o número de mariscadores e se fai o control de cupos e tallas. Os responsables do punto de control serán os membros da directiva da agrupación de mariscadoras. Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Lembrar o estrito cumprimento da normativa sobre a explotación dos moluscos bivalvos nas zonas clasificadas microbioloxicamente como tipo C.

**Traballos de semicultivo:** A organización das accións de semicultivo (traslados, acondicionamentos, limpeza...) está ben definida, e a participación nestas tarefas é obrigatoria para tódolos integrantes do plan, aínda que non computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. A responsable da organización e control dos traballos é a directiva da agrupación de mariscadores.

**Vixilancias:** A organización de vixilancias por parte dos participantes neste plan correspóndelle á directiva da agrupación que fixará os grupos e quendas de traballo. A asistencia será controlada por un mariscador en cada grupo que informará mensualmente á secretaria da agrupación. Establécese a obrigatoriedade da realización das vixilancias, aínda que non computarán a efectos de renovación do permiso de explotación a pé



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

**Réxime sancionador:** O incumprimento das normas contidas no plan referentes aos traballos de semicultivo e vixilancia será motivo de sanción económica, previo inicio do procedemento sancionador oportuno. No caso de incumprimento de tallas, topes, horarios ou normas de comercialización será denunciado ante a Consellería do Mar e sancionado en base ao establecido na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia.